

## Protohistoria da Asociación Galega de MFeC

Pardo Teijeiro, B.

Ex-Presidente da AGAMFEC

CAD. ATEN. PRIMARIA 2003; 10: 159-161

*"Os médicos e os demais traballadores sanitarios tenden a adaptarse ó sistema sanitario vixente aínda que se formasen para tarefas relativamente distintas. Por esto débese modifica-lo sistema sanitario en primeiro lugar, formando logo ós médicos na óptica do sistema creado"*

*Dr. Halfdan Mahler, Director xeral da OMS (1981)*

### ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A OMS, nunha xunta en Alma Ata (URSS) no ano 1978, decide promover a formación específica dos médicos de cabeceira creando a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, peza fundamental na reforma da Atención primaria que, a súa vez, é porta e clave do sistema sanitario en tódolos países.

O Goberno español, sendo Ministro de Sanidade o Sr. Sánchez de León e parte do seu equipo de traballo os Dres. Segovia de Arana e Valenciano, materializan esta recomendación da OMS no noso país co Real Decreto 3303/1978 polo que se crea a nosa especialidade.

Convócanse as primeiras prazas de residentes de MFeC nos principais hospitais do Estado no ano 1979 sen definir o programa docente da especialidade. Somos os propios residentes os que damos a coñecer a especialidade nos hospitais de destino e os que imos definindo o programa da nosa formación nas comisións de docencia despois de debatilo en asemblea.

Celebramos I Xornadas de MFeC en Madrid a finais do ano 1980 onde se escenificou o desencontro entre os residentes e a Administración ó que nos levou a improvisación na creación da nosa especialidade.

Nas II Xornadas de MFeC de Xixón celebradas no ano 1981, sentamos a necesidade de ter unha Historia clínica específica para Atención Primaria nos futuros Centros de saúde. É neste ano 1981 cando os residentes de todo o Estado nos desprazamos a Madrid e protagonizamos a primeira manifestación de médicos diante do Ministerio de Sanidade, disolta violentamente pola forza pública, para reivindicar a creación dos Centros de saúde nos que tería-

mos que rotar no seguinte ano e que a esas alturas aínda non existían.

Iniciamos os primeiros contactos para crear o centro de saúde de Cambre coa frontal oposición do entón Delegado provincial de Sanidade, Sr. Hernández Cochón.

### NECESIDADE DE DEFENDE-LA ESPECIALIDADE: NACEMENTO DA AGMFE C

O nivel reivindicativo do que tiñamos que depende dos Residentes de MFeC para forzar á Administración a crear os centros de saúde onde face-lo terceiro ano da nosa residencia así como a recoñecer o mérito que supoñía a especialidade á hora de prover prazas, levounos a pensar en ter unha organización profesional que poidera representar os nosos intereses e defendérmonos legalmente. É por esta razón que acolléndonos á Lei de Asociacións a sazón existente en España, unha promotora formada por Fernando Rial Rama, José Gallego Carracedo e Francisco Vázquez Troitiño solicitan ó Ministerio do Interior a inscrición da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria que quedou rexistrada o día 16 de xaneiro de 1982.

Celebramos a primeira xunta xeral ordinaria e constituinte o día 5 de febreiro de 1982 no salón de actos do Colexio de médicos de Santiago de Compostela da que saíu elixida a primeira xunta directiva

Presidente:	Bernardino Pardo Teijeiro
Vicepresidente:	Ramón Medina Glez. Redondo
Secretario:	Francisco Vázquez Troitiño
Tesoureira:	Teresa García-Pardo Segarna
Vocais:	M <sup>re</sup> Dolores Molina Poch
	Luis Astray Coloma
	Fernando Rial Rama
	Ricardo García Callejas
	Ana María Martínez Bugallo
	Idoia Ibáñez Aldecoa
	Andrés Ruiz Rivas
	Fernando Facal García
	José Martínez Portela

## PRIMEIROS ANOS DE ACTIVIDADE

### Ano 1982

A actividade reivindicativa alcanza o máximo grao neste primeiro ano de vida da AGAMFEC posto que iniciámolo terceiro ano de residencia sen ter centros de saúde onde rotar. Esta situación lévanos á segunda manifestación e peche no Colexio de médicos en Madrid no mes de maio. Ó mesmo tempo organizamos en Cambre unha manifestación de apoio cidadá e de diversos colectivos profesionais, políticos e sindicais, pola que conseguimos abri-lo centro de saúde de Cambre así como cambia-lo alcalde do Concello e ó Médico e ATS de APD. Puxemo-la primeira pedra da que sería a máis representativa das Unidades Docentes de Galicia.

Póñense en marcha os centros de saúde de Chapela e Val do Dubra, todos eles aproveitando os cupos de médicos xerais ou APD que creían na reforma da atención primaria.

Froito deste nivel de reivindicacións que se multiplicaron por todo o estado español foi a promulgación do R.D. 2392/1982 de 3 de setembro que crea as Unidades piloto de MFeC, embrións dos centros de saúde e posteriormente dos centros docentes da especialidade.

Curiosamente este R.D. non era de aplicación na nosa Comunidade onde estaban transferidas as competencias en Sanidade e a Xunta de Galicia, por oposición ideolóxica á reforma da atención primaria impulsada polos médicos de APD, non definía as zonas básicas onde se tiñan que implanta-los Centros de Saúde e polo tanto impedía a súa creación por parte do Insalud daquela non transferido. Este contencioso retrasou moitos anos a aparición dos centros de saúde en Galicia.

Tamén é consecuencia da nosa actividade a inclusión da calificación do título de MFeC con catro puntos nos baremos de provisión de prazas de atención primaria (R.D. 3927/1982 do 15 de decembro) que desaparecera pola presión dos médicos xerais.

### Ano 1983

Desenrolamos unha intensa campaña para conseguir que non se recortaran as prazas de Residentes de MFeC para Galicia.

Neste ano iniciámolo encontros cos compañeiros portugueses no mes de marzo en Ponte de Lima e no mes de novembro en Cambre. Organizamos unhas xornadas de Medicina psicosomática no pazo de Mariñán.

Realizamos múltiples proxectos para implantar Centros de Saúde en diversas localidades: O Carballiño, Labañou (A Coruña), Narón, etc. Presentámolos diante das autoridades sanitarias da Xunta sen obter resposta.

Celébranse as IV Xornadas de Medicina de Familia en Granada.

Iníciase a diáspora da primeira promoción de MFeC que se vai incorporando a prazas do antigo sistema de atención primaria.

Publícase a Orde Ministerial do 19 de decembro na que se regula o desenvolvemento da formación da especialidade de MFeC.

### Ano 1984

*( In Memoriam de Ernest Lluch, Ministro de Sanidade).*

Regúlase a formación Médica especializada e a obtención do título de Médico especialista no R.D.127/1984 (BOE do 31 de xaneiro).

No R.D. 137/1984 (BOE do 1 de febreiro) defínense as Unidades Básicas de Saúde, ámbito de traballo do equipo de atención primaria e polo tanto da ubicación dos centros de saúde. A Xunta impúgnao.

A O.M. de 25 de abril dicta normas para a xerarquización do persoal de institucións sanitarias abertas da S.S. Esta orde permitirá crear os equipos de A.P. nos centros de saúde de Galicia a pesar da oposición da Xunta.

A O.M. de 28 de marzo regula o sistema de provisión de prazas nos equipos de A.P. polo procedemento do concurso libre.

A Lei 53/84 de 26 de decembro establece as incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas. A nosa asociación alíneouse coa administración en contra do colectivo médico que se resistía a súa aplicación. Organizamos, con indubidable éxito, as V Xornadas Españolas e I Luso Galegas de MFeC en Santiago de Compostela. Fíxose moi evidente o enfrontamento político entre a Administración española e a Xunta no tema da implantación dos Centros de Saúde. Utilizábase coma arma de presión para obter-la competencia total nos temas de saúde e namentres retrasábase a formación dos equipos de atención primaria.

Participamos na delimitación de UBS en Santiago (Vite), A Coruña (Orzán, Elviña) e Ferrol (Serantes). A Xunta negouse a aceptalas.

### Ano 1985

A pesar das reticencias da nosa administración á reforma da A. Primaria, publícase o Decreto 40/1985 (DOGA 69

do 26 de marzo) no que se aproba a regulación da atención primaria de saúde na Comunidade Galega. Iníciase o lento proceso da implantación dos Centros de Saúde en Galicia.

Celebramos o II Encontro Galego-Portugués de MFeC no que confrontamos os Planes de saúde das dúas administracións. Zaragoza foi a sé das VI Xornadas de MFeC.

### **COROLARIO**

Ata aquí a primeira etapa da AGAMFEC que eu tiven a honra de presidir. Este espírito combativo dos primeiros anos continuou coas seguintes xuntas directivas pero esa é outra historia que outros presidentes da Asociación poderían contar.

Como a reforma do sistema sanitario non se completou na nosa terra e o sistema sanitario público, un dos maiores expoñentes do estado de benestar da nosa comunidade, está hoxe tan ameazado coma nunca, o espírito reivindicativo dos médicos de familia debe permanecer sempre alerta.

A Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia (LOSGA) compromete ó sistema sanitario público ó igualalo á rede de centros privados, asignando a estes unha poboación determinada á que atender e polo tanto un presuposto público que terá unha xestión privada sempre opaca para a Administración e cun beneficio empresarial que irá en contra ou ben da calidade da asistencia ou ben do sala-

rio do persoal. A mobilidade do persoal nesta rede de centros privados e públicos déixanos en mans de xerentes, e polo tanto de políticos, á hora de fixar prioridades sanitarias e en consecuencia, ó determina-los nosos destinos de traballo.

Os retos actuais na Atención Primaria son os mesmos de sempre: consolida-los equipos, ofrecer unha resposta técnica do máis alto nivel, pensar en termos de saúde e non de enfermidade e sobre todo utilizar do xeito máis óptimo os recursos sanitarios e financeiros dispoñibles.

Os médicos de familia, porta de entrada do sistema sanitario e pedra angular do mesmo, teñen na súa man unha das claves da perpetuación da financiación do sistema: o gasto farmacéutico, auténtica ameaza do noso sistema sanitario. Xa que a administración non é quen de afrontala racionalización do gasto farmacéutico, deberemos ser nos, baseándonos na evidencia científica e na busca da maior eficiencia dos fármacos dos que dispomos, os que garantamos a viabilidade do sistema. Está en xogo o benestar da nosa comunidade e de nós mesmos.

### **Agradecemento**

Ó Partido Popular e especialmente ó seu presidente, o Sr. Aznar, por facérmonos rexuvenecer coa súa política de extrema dereita.

*Lugo, vinte e catro de maio de 2003.*